



## DESFILE E CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES BASES

Con motivo da festa do Antroido 2014 o Concello de Santiago convoca un concurso de disfraces para nenos e nenas de ata 14 anos en función das seguintes

BASES:

- 1.- O DESFILE terá lugar o domingo, día 2 de marzo a partir das 17.00 h. na Sala Capitol.
- 2.- Establecense as seguintes categorías:
  - Individual
  - Parella
  - Grupo a partir de 3 persoas
- 3.- A inscrición será gratuita e realizarase na mesma sala, segundo vaian chegando os participantes e ata cubrir o aforo.
- 4.- Os membros do xurado serán nomeados pola Concellaría de Festas
- 5.- Os participantes desfilarán na orde establecida pola organización pola pasarela para que o xurado poda puntuar o disfraz
- 6.- Os disfraces puntuaranse pola beleza, orixinalidade, traballo e creatividade así coma a posta en escea.
- 7.- Os premios que se outorgarán son os seguintes:
  - Grupo** (mínimo 3 persoas):
    - 1º.- 200 euros
    - 2º.- 150 euros
    - 3º.- 100 euros
  - Parella:**
    - 1º.- Dúas tablets
    - 2º.- Dous libros electrónicos
    - 3º.- Dúas cámaras dixitais
  - Individual:**
    - 1º.- Unha tablet
    - 2º.- Un libro electrónico
    - 3º.- Unha cámara dixital
    - 4º e 5º.- Un equipo de música
- 8.- Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile. Para recoller os premios os menores de idade deberán estar representados por un adulto.
- 9.- O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes en cada unha delas.
- 10.- O Concello resérvase o dereito a fotografar aos participantes, así coma a utilizar estas fotografías para a promoción do mesmo.
- 11.- A participación no desfile supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nas bases estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse á Concellaría de Festas, [tpincipal@santiagodecompostela.org](mailto:tpincipal@santiagodecompostela.org) ou ben no teléfono 981 54 23 47.